



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE AGOSTO DE 2022

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as vinte horas do día vinte e cinco de agosto de dous mil vinte e dous, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar A. García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a ELISA PESTONIT BARREIROS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D.^a LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ
D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

Polo grupo municipal do PP:

D.^a MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL
D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE (que se incorpora no momento que se expresa na presente acta)

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común)
D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Non asisten á sesión os/as seguintes concelleiros/as:

- D. Juan González Leirós, do grupo político de UxC
- D.^a Mónica Varela Germade, do grupo político de UxC
- D. Juan María Abalo Castex, do grupo político do PP
- D.^a Sandra Sánchez Vieites, do grupo político de AV.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria accidental, dona Verónica María Otero López.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de agosto de 2022, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202208251800200000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

De seguido pásase ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2023

Acceso á videoacta – 00:00:57 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de agosto de 2022 (CVD: TblWUK5/E/GWejzU8iN8), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico na sesión de data 18 de agosto de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Festivos locais para o ano 2023

Segundo o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada polo órgano competente da Xunta de Galicia. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*.

A Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC), departamento da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 202290000002652, o día 28 de xullo de 2022, solicita que antes do día 1 de setembro de 2022 se lle remita a proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2023.

Por todo isto, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Establecer como festivos locais do Concello de Cambre para o ano 2023 o día 21 de febreiro (martes de Entroido) e o día 16 de agosto.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento territorial do SMAC na Coruña, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de agosto de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: García Patiño, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, González Roel e Raúl Varela Fraguío.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de agosto de 2022 (CVD: TbLWUK5/E/GWejzU8iN8), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DO XIV CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2022 DO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:02:03 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 11 de agosto de 2022 (CVD: XwDvQMVPJX/KMLaY2x4u), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico na sesión de data 18 de agosto de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA

Tendo en conta que o concello de Cambre, a través da súa Axencia de Desenvolvemento Local, ven promovendo actuacións de cara a dinamizar o tecido empresarial en xeral e os sectores comercial, os servizos persoais e a hostalería en particular, debido ao seu elevado peso específico na economía local do seu territorio.

Tendo en conta que dende o ano 2003 vense desenvolvendo o Concurso de Escaparates do Nadal, que logo de varios anos nos que non se celebrou, volveu a retomarse no ano 2019 cuns resultados moi satisfactorios, polo que se considera necesaria a súa continuidade, xa que é un programa de actuación consolidado con gran aceptación entre o empresariado do municipio e o público en xeral.

Tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 25.1, da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, o Concello de Cambre pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Tendo en conta que, a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL), establece que as Entidades Locais non poderán exercer competencias que non estean atribuídas como propias ou delegadas, agás que tal exercicio non poña en risco a sostenibilidade financeira do conxunto da facenda municipal e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo con outra administración pública, en relación coa Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL da Comunidade Autónoma de Galicia, na que se establece no seu artigo 3º punto 3 “... En particular, no se entenderá como exercicio de novas competencias: apartado a) La continuidad en la prestación de los servicios ya establecidos...”, e no apartado “b) La **continuidad de la actividad de fomento ya establecida en ejercicios anteriores** así como la realización de nuevas actuaciones de fomento que habían sido ya establecidas en los proyectos de establecimiento de servicios objeto de los informes de inexistencia de duplicidades y sostenibilidad financiera previstos en esta Ley”, pode concluírse que a XIV edición do Concurso de escaparates do Nadal non constitúe unha nova subvención ou competencia municipal, senón que é a continuidade dunha actividade xa establecida en exercicios anteriores, sen que se teña constancia de execución de accións simultáneas de fomento co

mesmo obxecto entre as administracións públicas provincial, autonómica ou estatal (non simultaneidade), existindo de igual forma crédito para a súa realización.

Por outra banda, a situación de crise actual derivada entre outros factores da guerra de Ucraia, da suba dos custos enerxéticos ou da alza da inflación, está acercándonos a unha nova recesión económica. Neste contexto económico compre sinalar que a inflación estase a converter no gran perigo tanto para a nosa economía como para a europea, xa que non só empobrece ás familias, senón que resta competitividade ás empresas. Todo isto, está afectando de forma moi significativa a comercios, servizos persoais e hostalería, en definitiva, ao noso tecido empresarial máis próximo, cunha caída dos seus ingresos e do emprego xerado, motivados polo descenso nos consumos e pola falta de liquidez. Isto, unido aos cambios nos hábitos de consumo, as novas fórmulas de comercialización e ao incremento dos centros e espazos comerciais que se están a instalar na nosa área metropolitana nos últimos anos, lévanos a manter liñas de actuación como a presente. Por medio da mellora da imaxe dos nosos establecementos, creando espazos comerciais máis atractivos para o/a consumidor/a, fomentando a utilización de técnicas de márketing e merchandising entre as nosas empresas, concienciando aos nosos/as empresarios/as da importancia da imaxe do seu establecemento para mellorar as súas vendas e promover as vendas no noso Concello, contribuírase a facer máis atractivos os establecementos, logrando que estes sexan máis competitivos, fomentando o consumo no municipio por parte dos veciños/as e dos da área metropolitana e fidelizando á clientela.

Visto o éxito obtido na campaña do ano 2021 e anteriores e impulsados polas grandes dificultades polas que está pasando na actualidade o pequeno comercio, os servizos persoais e a hostalaría, que fan necesario desenvolver un ano máis o Concurso de escaparates do Nadal 2022.

Visto que nesta anualidade quere dársele continuidade á modalidade de premio a decidir por votación popular, unificando co mesmo importe o primeiro premio (dotado con 1.000,00 €), co correspondente á votación popular (dotado igualmente con 1.000,00 €), aos que hai que engadir os premios segundo (dotado con 700,00 €) e terceiro 3º (dotado con 500,00 €) e dous accésits á sosteñibilidade e a adecuación ao produto (dotados cada un deles con 400,00 €), totalizando os premios os 4.000,00 €. Coa finalidade de que participe a cidadanía na votación popular, os establecementos aportarán dúas fotografías dos seus escaparates (unha diúrna e outra nocturna), para poder escollelos mediante o emprego dunha votación telemática ou da ferramenta pola que finalmente opte o Concello. O prazo de inscrición comprenderá o período que vai dende o 1 ata o 15 de decembro de 2022, ambos incluíve, co obxectivo de que os escaparates estean visibles a partir da terceira semana de decembro, ata o 5 de xaneiro de 2023, axudando desta forma o Concurso a motivar e fomentar a instalación de escaparates ambientados no Nadal e a crear un ambiente propicio que axude a aumentar as vendas.

Tendo en conta o informe emitido pola axente de emprego e desenvolvemento local, co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local de data 11 de agosto de 2022, CVD aG7+8MwA+YApwrhB+Z3T **propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

Primeiro: Aprobar inicialmente as Bases para a convocatoria do **XIV Concurso de escaparates do Nadal 2022 do Concello de Cambre**, tal e como se transcriben a continuación, así como a súa convocatoria e modelo de solicitude de participación (anexo I).

Bases de desenvolvemento e participación no XIV Concurso de Escaparates do Nadal 2022 Concello de Cambre

Un ano máis o Concello de Cambre convoca ás persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalaría do municipio a tomar parte no XIV Concurso de escaparates do Nadal. A tripla perturbación que atravesamos a economía mundial na actualidades, derivada das tensións xeopolíticas, da crise enerxética e do cambio de rumbo da política monetaria motivada polo risco de cronificación da inflación, unida aos aínda persistentes efectos da pandemia sobre moitos sectores económicos, fan que o noso Concello tome especial conciencia da difícil situación pola que están pasando as nosas empresas e, polo tanto, siga apoiando e potenciando aos establecementos que están a sufrir con maior intensidade as consecuencias derivadas da crise á que nos estamos a enfrentar. Con este Concurso preténdese ademais de potenciar e xerar un maior volume de vendas, valorar e recompensar o traballo e esforzo que nestas datas tan sinaladas fan os/as nosos/as empresarios/as cara a consecución dun ambiente do Nadal.

Primeira.- Obxecto e finalidade. Esta iniciativa ten por obxecto incentivar ás persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, hostaleiros e de servizos persoais do municipio para que decoren os seus locais, tendo en conta a importancia que ten a súa imaxe sobre os/as compradores /as e, polo tanto, sobre o volume de vendas, especialmente nas datas tan significativas que o Nadal representa. A finalidade é polo tanto facer que a oferta comercial e de servizos sexan atractivos para os/as consumidores/as contribuíndo, á súa vez, a mellorar a humanización dos espazos comerciais do municipio.

Segunda.- Participantes. Poderán participar neste Concurso todas as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalería que desenvolvan a súa actividade económica no termo municipal de Cambre, decoren os seus escaparates, e reúnan os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos todos os requisitos para o exercicio da actividade.
- Ter un establecemento aberto ao público dentro do termo municipal de Cambre.
- Ter escaparate decorado con motivos de Nadal como mínimo durante o período comprendido entre o 16 de decembro de 2022 (día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de inscrición) e o 5 de xaneiro de 2023.

Terceira.- Inscrición e presentación de solicitudes. Para participar no Concurso, deberán presentar no Rexistro do Concello de Cambre unha **solicitud de inscrición**, segundo o formulario aprobado ao efecto e que se inclúe como anexo I a estas Bases. A solicitude poderá presentarse tamén na sede electrónica do Concello de Cambre: <https://sede.cambre.es/opencms/gl/>, sendo esta a modalidade de presentación obrigatoria para as persoas xurídicas. A inscrición no Concurso será gratuita.

A solicitude deberá presentarse polo/a autónomo/a ou empresario/a individual ou polo/a representante legal da sociedade ou entidade, no caso das persoas xurídicas, titulares de establecementos de Cambre que contén con escaparates decorados durante a Campaña de dinamización comercial do Nadal. **Xunto coa solicitude, deberán achegarse dúas fotografías do escaparate do establecemento, unha diúrna e outra nocturna, en formato JPG.** Ditas fotografías cederanse ao Concello de Cambre para a súa publicación na páxina web municipal ou na ferramenta que se designe de cara a tomar parte na modalidade de premio de votación popular ou para posteriores publicacións ou campañas do Concello. Por tal razón, quedarán automaticamente excluídas as fotografías nas que aparezan persoas. As fotografías obtidas non poderán alterarse electrónicamente nin por calquera outro medio, non admitíndose fotomontaxes nin tampouco fotografías que non se axusten á finalidade do Concurso e ás presentes Bases.

Unha vez rematado o prazo de inscrición elaborárase unha listaxe de establecementos participantes.

Cuarta.- Prazo de inscrición. Dende o día 1 de decembro ata o día 15 de decembro de 2022, ambos incluídos.

Quinta.- Premios. Establécense tres modalidades de premios dotados coas seguintes contías:

a) Primeira modalidade: Premios (1º, 2º e 3º)

- Primeiro premio: 1.000,00 € (mil euros).
- Segundo premio: 700,00 € (setecentos euros).
- Terceiro premio: 500,00 € (cincocentos euros).

b) Segunda modalidade: Accésits

- Accésit ao máis sostible: 400,00 € (catrocentos euros).
- Accésit á adecuación ao produto: 400,00 € (catrocentos euros).

c) Terceira modalidade: Votación popular

- Premio por votación popular: 1.000,00 € (mil euros)

Para o financiamanrto destes premios existe crédito na aplicación orzamentaria "433 48100 Becas e premios promoción empresarial" polo importe de catro mil euros (4.000,00 €).

Ao importe destes premios **aplicaranse as retencións previstas na normativa tributaria vixente, aboándose ás persoas gañadoras o importe líquido resultante unha vez practicadas as retencións legalmente establecidas.**

Un mesmo establecemento non poderá resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso.

Sexta.- Desenvolvemento do Concurso.

Rematado o prazo de inscrición, por resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico se aprobará a relación de establecementos admitidos no XIV Concurso de escaparates do Nadal 2022, que será publicada igualmente na páxina web municipal e nas redes sociais municipais, nomeándose as persoas integrantes do xurado e indicándose a ligazón á ferramenta empregada para a votación popular ou o mecanismo que no seu caso se habilite ao efecto.

Os establecementos participantes no Concurso estarán identificados cun cartel ou vinilo que indique a súa participación e que lles será entregado polo Concello de Cambre. Deberá colocarse nun lugar ben visible do escaparate.

As decoracións dos establecementos examinaranse polo xurado a partir do día 16 de decembro de 2022.

Os establecementos participantes comprométese a manter os seus escaparates decorados dende o 16 de decembro de 2022 ata o día 5 de xaneiro de 2023, e non poderán modificalo ao longo do período anteriormente citado.

Sétima.- Criterios de adxudicación dos premios.

a) Primeira modalidade: Premios 1º, 2º e 3º

A adxudicación dos premios primeiro, segundo e terceiro farase en función dos puntos a outorgar en cada un dos seguintes criterios por parte do xurado:

- A creatividade, orixinalidade e innovación da decoración: ata 3 puntos.
- A orientación comercial da decoración, uso do produto, dificultade: ata 3 puntos.
- A iluminación do establecemento ou o impacto visual: ata 3 puntos.
- A composición e adecuada distribución espacial: ata 3 puntos.

b) Segunda modalidade: Accésits

A adxudicación dos accésits farase polo xurado en función da apreciación dos criterios que se indican para cada un deles, resultando gañadores aqueles establecementos que obteñan respectivamente unha maior puntuación:

- A adxudicación do accésit á sustentabilidade farase tendo en conta o criterio de economía sostible é dicir, o respecto co medio ambiente e o uso racional dos recursos naturais, materiais reutilizables, etc.
- A adxudicación do accésit á adecuación do escaparate ao produto farase tendo en conta a relación entre a decoración do escaparate e os produtos ou servizos comercializados.

c) Terceira modalidade: Votación popular

A adxudicación do premio correspondente á modalidade de votación popular farase en función do resultado da votación efectuada a través dos mecanismos establecidos polo Concello de Cambre ao efecto, resultando gañador o establecemento que rexistre un maior número total de votos.

A votación popular realizarase entre os establecementos admitidos para participar no Concurso de escaparates, quedando incorporadas as fotografías achegadas á web, ferramenta ou mecanismo que o Concello empregue para tal fin coa finalidade de poder ser votadas.

Poderá participar na votación popular calquera persoa que acceda a web, ferramenta ou mecanismo que habilite o Concello, coa limitación de que cada persoa soamente poderá votar unha vez.

Cada persoa poderá votar soamente ao escaparate dun establecemento.

Poderán emitirse votos dende o momento en que se publique na web municipal e nas redes sociais municipais a relación de establecementos admitidos no Concurso de escaparates ata as 24:00 horas do día 25 de decembro de 2022.

Oitava.- Adxudicación dos premios correspondentes á terceira modalidade (votación popular).

Rematado o prazo de votación, e partindo dos datos obrantes na web, ferramenta ou mecanismo que o Concello habilite ao efecto, emitirase polos servizos técnicos municipais informe do seu resultado aos efectos oportunos.

Novena.- Adxudicación dos premios correspondentes á primeira e segunda modalidade (xurado).

A adxudicación dos premios correspondentes á primeira e segunda das modalidades (premios 1º, 2º e 3º e accesits), efectuarase a partir da valoración dun xurado composto por alomenos dous profesionais do mundo comercial, artístico, da fotografía, do deseño e da decoración, do marketing ou equivalentes, alleas á organización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal, presidido polo concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico ou pola persoa na que este delegue, con voz pero sen voto, actuando como secretario/a un/unha funcionario/a da área de Desenvolvemento Socioeconómico do Concello.

Os membros do xurado poderán visitar os establecementos participantes no concurso a partir do día 16 de decembro de 2022 sen necesidade de que medie aviso previo ao/á propietario/a do establecemento.

Unha vez finalizado o termo da votación popular, e emitido informe dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento local relativo ao resultado da mesma, procederase a emitir o fallo do xurado para as modalidades primeira (premios 1º, 2º e 3º) e segunda (accesits), tendo en conta que na presente convocatoria do XIV Concurso de Escaparates de Nadal, un mesmo establecemento non pode resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso. Polo que, unha vez se coñeza o resultado da votación, o establecemento co escaparate co maior número de votos na modalidade votación popular, será excluído automaticamente do fallo do xurado.

O fallo do xurado quedará reflectido na correspondente acta, que será inapelable.

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos se o considera oportuno. A participación suporá a aceptación da decisión do xurado.

Décima.- Pago dos premios.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos premiados propostos polo xurado e o que resulte máis votado na votación popular, estean ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia e que non sexan debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións. **O participante, mediante a sinatura da súa solicitude de participación no Concurso, autoriza ao Concello a realizar as comprobacións oportunas.**

O alcalde, ou concelleiro en quen delegue, ditará resolución de aprobación de concesión dos premios das tres modalidades do concurso, dándose esta a coñecer a través da páxina web do Concello das redes sociais municipais.

Posteriormente ditarase resolución de recoñecemento e liquidación das obrigas en concepto de premios do XIV Concurso de escaparates do Nadal 2022, así como do seu aboamento.

Non poderán obter a condición de premiadas as persoas ou entidades nas que non concorran as circunstancias que permitan cualificalas como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Os premios faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos titulares dos establecementos premiados. Para a realización do pagamento deberá presentarse polo beneficiario certificado do núm. IBAN de conta corrente titularidade do premiado.

Décimo primeira.- Aceptación das bases. O feito de participar nesta acción de promoción comercial significa **aceptar** as **Bases establecidas** polo Concello de Cambre, que se publicarán no Boletín oficial da provincia da Coruña e que se quedarán expostas na páxina web municipal www.cambre.es. Ditas Bases poderán consultarse por calquera persoa interesada.

Con relación ás fotografías dos escaparates, os/as participantes ceden ao Concello de Cambre o dereito non exclusivo, gratuíto, perpetuo, irrevocable e completamente sublicenciable para usar, reproducir, modificar, adaptar, publicar, traducir, crear obras derivadas, distribuír, e expoñer as mesmas.

Ao mesmo tempo, para participar no Concurso, cada participante declara e garante:

- Que as imaxes son unha creación súa e que non se apropiou delas, non as copiou, e que non derivan en parte ou na súa totalidade doutro traballo gráfico.
- Que non está violando ou infrinxindo ningún dereito de autor, marca rexistrada, privacidade o dereito publicitario, ou calquera outro dereito persoal, de propiedade ou de propiedade intelectual de calquera persoa ou entidade.
- Que as súas fotografías non son difamatorias, inxuriosas, obscenas ou ilegais de calquera outro xeito.
- Que son da súa propiedade única e exclusivamente e que ten os dereitos de distribución completos sobre as mesmas.

Coa aceptación das Bases do Concurso, os/as participantes asumen que a cesión de dereitos sobre as fotografías coas que poidan participar non lles confire ningún dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da participación no Concurso conforme as presentes Bases.

Rexeitaranse as imaxes ou os contidos que poidan considerarse ofensivos, obscenos, inapropiados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten conta a dignidade e/ou decoro, e os que poidan ferir sensibilidades, ser contrarios á lei, á moral e á orde pública, que sexan contrarios aos dereitos de terceiros/as sen o seu consentimento, que sexan contrarios ao honor e á imaxe das persoas físicas e xurídicas, que faciliten información de carácter persoal (propia ou de terceiros), que non teñan relación co Concurso. Quedarán automaticamente descalificados e fora do Concurso os/as participantes que acheguen fotografías ou contidos coa súa solicitude que se axusten a algún perfil dos descritos anteriormente.

O Concello de Cambre non será responsable no caso de mal funcionamento da rede Internet que impida o normal desenvolvemento da modalidade de premios da votación popular por causas alleas ao Concello de Cambre.

Se concurrisen incidencias que afectasen de forma significativa ao desenvolvemento ordinario do concurso, podería cancelarse a modalidade de premios da votación popular pola organización.

Para calquera aclaración, establécense os seguintes teléfonos de contacto:

Axencia de Desenvolvemento Local: 981 613 196 / 981 613 128
adl@cambre.org

ANEXO I: SOLICITUDE PARTICIPACIÓN XIV CONCURSO ESCAPARATES NADAL 2022

DATOS DO PARTICIPANTE				
Apelidos e nome (empresario/a individual ou autónomo/a)				
Denominación social (persoa xurídica)				
Nome comercial				
NIF				
Actividade				
Enderezo				
C.P.	Localidade	Provincia		
Telefono/s	Correo electrónico			
DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de persoas xurídicas)				
Apelidos e nome				
DNI/NIE				
En calidade de				
DATOS DO/A DECORADOR/A (de ser o caso)				
<i>PROFESIONAL</i>				
Apelidos e nome				
<i>NON PROFESIONAL</i>				
Apelidos e nome				
Cargo na empresa				
LEMBRE ACHEGAR DÚAS FOTOGRAFÍAS DO SEU ESCAPARATE EN FORMATO JPG, UNHA DIURNA E OUTRA NOCTURNA				
<p>Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as Bases deste Concurso.</p> <p>A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas na base oitava, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre. A presentación da presente solicitude comportará a autorización para a obtención de fotografías dos establecementos e/ou as persoas participantes no Concurso, así como para a utilización das imaxes do escaparate aportadas polo solicitante cos fins establecidos nestas Bases.</p>				
Cambre, _____ de _____ de 2022				
Sinatura do titular ou representante legal				
De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.				

Segundo: Aprobar o gasto correspondente por importe total de **catro mil euros (4.000,00 euros)**, imputables á aplicación orzamentaria “433 48100 Becas e premios promoción empresarial”.

Terceiro: Publicar os presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobadas as Bases para a convocatoria do XIV Concurso de Escaparates do Nadal 2022 do Concello de Cambre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na páxina web municipal.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto: Dar traslado aos Servizos Económicos para os efectos oportunos.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 11 de agosto de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: González Roel, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 11 de agosto de 2022 (CVD: XwDvQMVPJX/KMLaY2x4u), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

(Neste momento, cando son as vinte horas e catro minutos, incorpórase á sesión a señora concelleira dona Marta María Vázquez Golpe).

1.3. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:04:33 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:04:36 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:04:36 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:04:38 horas

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1443/2022, do 18 de agosto, cuxa parte dispositiva transcrita di:

«Primeiro.- Aprobar o Plan de Acción, no que se determinan as medidas a adoptar para subsanar as debilidades, deficiencias, e incumprimentos que se puxeron de manifesto no informe resumo realizado, e corrixir as incidencias e atender ás recomendacións recollidas no Informe de control Interno do ano 2021 realizado polo Interventor municipal:

PLAN DE ACCIÓN RELATIVO AO INFORME RESUMO ANUAL
DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL INTERNO 2021
EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

I.- ANTECEDENTES

1.- En cumprimento do artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o interventor municipal elaborou o informe resumo dos resultados do control interno correspondente á anualidade 2021, Informe resumo de control exercicio 2021 INFCO1, de data 25 de abril de 2022, o cal contiña os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e da función interventora realizados en 2021.

2.- De dito informe se deu conta ao Pleno, a través desta alcaldía, en sesión ordinaria de data 28 de abril de 2022.

Establece o artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, en relación ao Plan de acción, o seguinte:

«1. *El Presidente de la Corporación formalizará un plan de acción que determine las medidas a adoptar para subsanar las debilidades, deficiencias, errores e incumplimientos que se pongan de manifesto en el informe resumen referido en el artículo anterior.*

2. *El plan de acción se elaborará en el plazo máximo de 3 meses desde la remisión del informe resumen al Pleno y contendrá las medidas de corrección adoptadas, el responsable de implementarlas y el calendario de actuaciones a realizar, relativos tanto a la gestión de la propia Corporación como a la de los organismos y entidades públicas adscritas o dependientes y de las que ejerza la tutela.*

3. *El plan de acción será remitido al órgano interventor de la Entidad Local, que valorará su adecuación para solventar las deficiencias señaladas y en su caso los resultados obtenidos, e informará al Pleno sobre la situación*

de la corrección de las debilidades puestas de manifiesto en el ejercicio del control interno, permitiendo así que el Pleno realice un seguimiento periódico de las medidas correctoras implantadas para la mejora de la gestión económico financiera.

4. En la remisión anual a la Intervención General de la Administración del Estado del informe resumen de los resultados del control interno se informará, asimismo, sobre la corrección de las debilidades puestas de manifiesto.»

3.- O Apartado IV. *Deficiencias que requieren la adopción de medidas correctoras a través de un plan de acción*, do informe resumen de control, conclúe que as principais deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a incluir no Plan de acción a elaborar pola Alcaldía son as seguintes:

“1º) Se reitera la necesidad de proceder a la licitación de los expedientes de contratación finalizados hace años y al control de las prestaciones ejecutadas.

2º) Es necesaria la tramitación de la totalidad de los contratos menores en la forma prevista en el artículo 118 de la LCSP.

3º) Respecto a los contrato menor, esta Intervención a partir de la entrada en vigor de la Ley de contratos del Sector público 9/2017, y de la publicación de la Resolución de 6 de marzo de 2019, de la Oficina Independiente de Regulación y Supervisión de la Contratación, por la que se publica la Instrucción 1/2019, de 28 de febrero, sobre contratos menores, regulados en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre (BOE 07/03/2019) que sirvió para clarificar dudas interpretativas, decide proceder a la fiscalización previa de los expedientes de contrato menor, excluidos por la legislación vigente de dicha intervención (artículo 219 TRLRHL), con el fin de fortalecer el ejercicio del control interno.

Deben de ponerse de manifiesto las siguientes deficiencias:

3º.1) El retraso en la tramitación de contratos mencionados en el apartado 1º), provoca que desde distintas áreas gestoras se estén tramitando contratos menores por prestaciones que dada su reiteración o por considerarse una necesidad permanente deben ser objeto de contratación por procedimiento abierto.

En concordancia con lo expresado en el apartado 1º), se considera por esta Intervención, que se ha de reiterar por la Alcaldía la solicitud a las distintas unidades gestoras de la necesidad de analizar los gastos ejecutados e iniciar los procedimientos de contratación necesarios a la mayor brevedad posible, estableciendo plazos de cumplimiento concretos para su realización.

3º.2) En los contratos menores de obra, se observa la renuencia de algunos técnicos municipales responsables, en cuanto a la emisión de actas de recepción de obra.

Se ha manifestado la discrepancia en cuanto a la emisión de actas recepción, pues se confunde la simplificación del procedimiento de tramitación del contrato con los documentos propios de la ejecución de un contrato de obra que se establecen como necesarios por la propia LCSP.

Ha de tenerse en cuenta que es preceptiva la comprobación material de las inversiones por la intervención municipal (art. 20 del RD 424/2017, de 28 de abril), comprobación material que se encuentra delegada en los jefes de los respectivos servicios cuando la recepción no requiera de especiales conocimientos técnicos, en cuyo caso, la delegación se entiende conferida a los técnicos designados por los Servicios de Arquitectura y Obras, según proceda, tal y como establece la Base 31ª de las de Ejecución del Presupuesto, por lo que la recepción de la inversión así como la delegación con la que actúan los mismos, debe quedar reflejada en un acta de recepción de obra o acta de conformidad que se emita.

3º.3) Se observa por parte de los órganos gestores, el desconocimiento de lo que es una “Unidad funcional”. A consecuencia de ello se han tramitado contratos menores cuya unidad funcional supera los límites establecidos en el artículo 118.1 de la LCSP.

4º) Actos con omisión de la función interventora.

Se observa omisión de la preceptiva fiscalización o intervención previa en los siguientes expedientes:

I. OMISION DE FISCALIZACION

Nº informe	Fecha informe	expediente	Tercero	Euros	fecha resolución
01	22/02/2021	2021/G003/000166	Recurso de reposición de M.M.A.C. frente a resolución de denegación subvención Consolida Cambre 2020		
02	05/04/2021	2017/C004/000004 2021/G003/000506	Prorroga de contrato mantenimiento instalaciones electricas edificios municipales de 21/11/2020 a 20/11/2021	242.812,24	RA 09.04.2021
03	20/06/2021	2021/G003/000459- 2021/G003/000488	CONCESIÓN DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO 2020 - EDUCACIÓN	2.844,32	RA.26.07.2021
04	28/08/2021	2021/G003/001516- 2021/G003/001576	Convocatoria de Bolsas de estudio 2021/2022	24.000,00	RA 08.09.2021

En todo caso, como ben se observa pola Intervención municipal, no exercicio 2021, adxudicáronse contratos cuxa prestación viña sendo obxecto de reparos por esta Intervención, por terse contratado indebidamente por contrato menor, por non constar a tramitación de expediente de contratación algún, ou ben por ter finalizado o periodo de duración do contrato, relacionándose no seu informe os seguintes:

“OBRAS:

Expediente Contrato	Fecha Adjudicación Junta de Gobierno Local	Denominación
2021/C003/000003	31/08/2021	Mantemento de caminos municipais en el término municipal de Cambre.
2021/C003/000011	19/10/2021	Arreglo de caminos municipales

Una vez licitados los expedientes de reparación y mantenimiento de caminos municipales, se debe licitar en un futuro expedientes de mantenimiento de tracto sucesivo.

SERVICIOS:

Expediente Contrato	Fecha Adjudicación Junta de Gobierno Local	Denominación
2020/C004/000010	18/05/2021	Producción del evento cromático "Mural Fest" que organiza el departamento de Juventud del Ayuntamiento de Cambre dentro de su programa "Mocearte"
2020/C004/000013	02/03/2021	Mediación y distribución entre los medios de comunicación social de campañas institucionales, publicitarias y de comunicación del Ayuntamiento de Cambre
2020/C004/000017	12/01/2021	Colaboración en la organización de actividades / eventos deportivos y culturales al aire libre
2020/C004/000021	15/06/2021	Servicio de control de calidad de las obras promovidas por el Ayuntamiento de Cambre (2021-2022)
2020/C004/000022	06/07/2021	Servicio de coordinación de seguridad y salud de las obras promovidas por el Ayuntamiento de Cambre (2021-2022)
2021/C004/000002	29/06/2021	Servicio de limpieza, roza y desherbado mecánico y/o manual de vías de titularidad municipal y fincas del Ayuntamiento de Cambre 2021
2021/C004/000015	28/12/2021	Impartición del curso oficial de monitor de actividades de tiempo libre, del programa Trans-formate a realizar en el Ayuntamiento de Cambre en los cursos 21-22, 22-23 con opción de prórroga en los cursos 23-24 y 24-25
2021/C004/000021	02/11/2021	Servicio de gabinete de comunicación del Ayuntamiento de Cambre y edición del boletín de información municipal

Se ha adjudicado la siguiente asistencia técnica, ante la ausencia de medios propios suficientes especializados en una materia compleja como es la del ciclo integral del agua, con el fin de resolver la relación con Augaservi, S.L. y llegar al objetivo final de poner en funcionamiento una empresa pública del agua y también como apoyo a los técnicos municipales en todas aquellas cuestiones que en materia de ciclo del agua se susciten durante la duración del contrato adjudicado

Expediente Contrato	Fecha Adjudicación Junta de Gobierno Local	Denominación
2020/C004/000028	09/02/2021	Servicio de asesoramiento en materia del ciclo integral da agua

SUMINISTROS:

Expediente Contrato	Fecha Adjudicación Junta de Gobierno Local	Denominación
2021/C005/000005	29/06/2021	Suministro, a prestar de forma sucesiva, en función de las necesidades y por precio unitario, de papel y material de oficina para el Ayuntamiento de Cambre
2021/C005/000006	14/09/2021	Suministro de mobiliario de oficina (sillas y mesa) para el persoal del Ayuntamiento de Cambre
2021/C005/000007	09/09/2021	Propuesta de adjudicación de los lotes 1, 3, 4, 6 e 8 y propuesta de declaración de desiertos de los lotes 2, 5 y 7 del contrato mixto de servicios y suministros correspondientes al montaje del evento "Open Science Cambre" del Programa TDI ("Todos deben involucrarse") a celebrar en el Ayuntamiento de Cambre en los años 2021 y 2022, con opción de prórroga en 2023
2021/C005/000010	06/07/2021	Suministro, instalación y montaje de señalización con la nomenclatura de las calles y lugares e indicativos de orientación del Ayuntamiento de Cambre
2021/C005/000011	19/11/2021	Propuesta de declaración de desierto del lote nº 1, y de adjudicación a favor del licitador "Breogán Motor, S.L." del lote nº 2 (un vehículo eléctrico tipo furgón 3 prazas), de los que integran el "Suministro de dos vehículos nuevos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) y N1 (furgoneta 5 prazas) y un vehículo nuevo 100% eléctrico tipo N1 (furgón 3 prazas)"
2021/C005/000016	30/12/2021	Suministro de dos vehículos nuevos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) y N1 (furgoneta 5 prazas)

Se han iniciado expedientes de contratación que no se encontraban adjudicados a 31.12.2021, para la contratación de:

Expediente Contrato	Fecha de incoacion	Denominación	Observaciones
2020/C004/000011	PL 28.01.2021	Servicio de Ayuda a Domicilio	Fecha prevista de adjudicación: PL 28.04.2022
2021/C004/000004	XGL 20.07.2021	Servicios de redacción de proyectos y direcciones de obras del área de Urbanismo y Obras del Ayuntamiento de Cambre	Fecha de adjudicación: JGL 08.03.2022

Infórmase que o contrato para a prestación do Servizo de Axuda a domicilio do concello de Cambre foi adxudicado por acordo de Pleno de data 28 de abril de 2022, á empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L, sendo formalizado con data 13 de xuño de 2022, por prazo de dous anos a contar dende a data de formalización do contrato, pudiendo prorrogarse anualmente por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata dous anos máis.

II.- ACCIÓNS

Á vista do manifestado pola intervención municipal no apartado IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción, do informe resumo de control, consideramos que as medidas a adoptar para a

corrección das deficiencias han de ser as seguintes:

A. Necesidade de proceder á licitación dos expedientes de contratación finalizados fai anos

MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS	A.1 Planificación da actividade anual, comenzando polos contratos de maior relevancia económica: - Mantemento de zonas verdes - Xestión do Servizo da Auga A.2 Incoación de contratos de subministración: - Subministración de enerxía eléctrica - Subministración de gas
RESPONSABLE	Técnicos responsables da Sección Servizos

B. Necesidade de proceder ao control das prestacións executadas.

MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS	Notificar aos reponsables técnicos dos contratos, que a aceptación das facturas sobreetende que se ten realizado a prestación.
RESPONSABLE	Responsables técnicos municipais dos servizos prestados

C.- Necesaria tramitación da totalidade dos contratos menores na forma prevista no artigo 118 da LCSP.

MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS	A tramitación de contratos menores cinguirase aos casos especificamente previstos pola lexislación vixente, e de maneira excepcional, sendo a norma xeral o procedemento aberto
RESPONSABLE	Xefes de Área e técnicos propoñentes

D.- Ausencia de actas de recepción en expedientes executados de contrato menor de obra.

MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS	Notificar aos técnicos responsables do contrato a obriga de realizar as acta de recepción, cando se soliciten pola Intervención municipal
RESPONSABLE	Responsables municipais directores das obras

E.- OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN

MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS	Notificar aos Xefes de Área, a obrigación de remitir as propostas e/ou os expedientes para a súa fiscalización previa pola Intervención municipal nos supostos establecidos na LBRL, TRLRFL e o Real Decreto 424/2017, e demais normativa de aplicación
RESPONSABLE	Xefes de Área e técnicos propoñentes

Segundo.- Dar conta ao Pleno do Plan de Acción aprobado, na próxima sesión que se celebre.»

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1445/2022, do 18 de agosto, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área de Cultura, Deportes e Xuventude, así como a presidencia efectiva da Comisión Informativa permanente de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, efectuadas a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 18 ao día 22 de agosto de 2022, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolucións núm. 1323/2019, do 1 de xullo e 1424/2019, do 15 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1471/2022, do 22 de agosto, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da Área de Benestar Social efectuada a prol da segunda tenente de alcalde, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, dende o día 29 de agosto de 2022 ao 2 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1488/2022, do 24 de agosto, pola que se resolve rectificar o erro material detectado na Resolución da Alcaldía número 1472/2022, de data 22 de agosto, na que na alínea primeira da parte resolutiva figuraba: “Avocar a delegación xenérica da Área de Benestar Social efectuada a prol do primeiro tenente de alcalde, D. Juan González Leirós, dende o día 22 de agosto ao 31 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos,” cando debía figurar: “Avocar a delegación xenérica da Área de Urbanismo e Obras efectuada a prol do primeiro tenente de alcalde, D. Juan González Leirós, dende o día 22 de agosto ao 31 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos,”, iso de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, quedando redactada a parte dispositiva da resolución 1472/2022 do seguinte teor:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da Área de Urbanismo e Obras efectuada a prol do primeiro tenente de alcalde, D. Juan González Leirós, dende o día 22 de agosto ao 31 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. ROGOS

Acceso á videoacta – 00:06:54 horas

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900004594 o día 22 de agosto de 2022, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:07:02 horas

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández.

“Os últimos carteis publicados informando das actividades do Concello de Cambre, como a I Mostra do movemento asociativo ou o folleto das actividades do verán, son de moi pouca calidade. Rogamos unha maior dedicación orzamentaria á realización dos carteis de publicidade das diferentes actividades organizadas polo Concello de Cambre.”

A Sra. Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:08:03 horas

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández.

“No pasado mes de xuño preguntamos polos criterios que motivaron o cambio de sentido das prazas de aparcamento na rúa dos Muíños. Debido ás continuas queixas da veciñanza rogamos restablezan as prazas a como estaban antes da modificación.”

A Sra. Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900004593 o día 22 de agosto de 2022, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:08:50 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Defendemos plenamente a necesidade de informar á veciñanza por todos os canles precisos sobre as novas de interese municipal que afectan ao seu día a día. Polo que podemos entender a existencia do xornal municipal e o investimento de miles de euros anuais nun servizo informativo.

O que non podemos defender é o formato que están a facer deste servizo. Posto que parece máis un folleto electoral con declaración de intencións, que un folleto informativo con datas, prezos e informacións precisas para as persoas que vivimos en Cambre.

A veciñanza de Cambre non sabe nin cales son os próximos eventos culturais (salvo Rock in Cambre e OpenScience), as festas parroquiais, nin cando se van facer todas as obras que se anuncian, nin as actividades das bibliotecas, das casas da xuventude ou dos programas de actividades deportivas. Tampouco como contactar coas asociacións locais nin que actividades teñen estas... Nin que accións se están a realizar para pelexar por uns mellores servizos públicos que dependen doutras entidades.

E con todo o impulso en novas tecnoloxías e non hai nin posibilidade de descargar a publicación na web municipal.

O único que atopamos son proxectos que levan meses en trámites administrativos sen unha data concisa e que xa foron anunciados non sabemos cantas veces en medios de comunicación do concello, e vólvese repetir novamente.

Rogamos unha selección de contidos menos electoralistas e con máis información, con datos e datas concretas e de interese para a veciñanza.”

A Sra. Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:11:07 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Estase a vender a páxina web municipal como unha forte revalorización do patrimonio municipal. E non entendemos por que non teñen cabida as últimas obras de arte realizadas no municipio no Cromático Mural Fest, co investimento económico que supón e o grande atractivo que ten. E outras realizadas con anterioridade á existencia desde programa municipal noutras actividades municipais como por exemplo as existentes debaixo da ponte da AP-9.

Din apostar pola arte, pero despois os feitos non van en consonancia con isto que anuncian.

Motivo polo cal rogamos un apartado na web municipal para as obras de arte urbano que existen no municipio, así como a súa xeolocalización.”

A Sra. Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta o rogo.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900004595 o día 22 de agosto de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:12:58 horas

Lee o rogo a Sra. Santos López.

«No proxecto de remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre salientáanse cuestións tales como: “O fin esencial deste proxecto é mellorar a mobilidade dos peóns, garantir a accesibilidade universal ao edificio do concello e á contorna inmediata...”»

Na contorna máis inmediata do Concello de Cambre contamos co Xulgado de Paz, parte integrante da mesma edificación, que conta coas peores condicións de accesibilidade e mobilidade imaxinables.

- Entrada en pendente.
- Riel do enreixado sobresaínte.
- Inexistencia de paso de peóns que permita acceder dende o novo aparcadoiro sito na finca dos Molina.
- Inexistencia de praza reservada para mobilidade reducida na zona de aparcamentos.

Achegamos unha fotografía recente, na que, sen ser intencionada senón casual, pódese ver o coche do propio alcalde ocupando un lugar reservado á flota da Policía.

Tampouco é asunto deste rogo o incommensurable exceso de prerrogativas das que desfruta o rexedor que exhibe sen pudor, aínda que é unha boa mostra, no caso que nos ocupa, e que leva ocorrendo en Cambre dende o 2015, ano no que foi instaurada a era do cemento, a eliminación e sacrificio de zonas verdes, e a absoluta desatención polas persoas máis necesitadas, neste caso, de accesibilidade e facilidades de mobilidade.

Nestes últimos anos prodúcese o feito máis indeseable na xestión do público. Xa non se trata de que non están sendo corrixidas barreiras arquitectónicas existentes con anterioridade, senón que as novas obras ideadas polo actual concelleiro de Urbanismo e celebradas polos compañeiros de Goberno, como poden ser a praza do Balado, ou esta da fronte do concello perpetúan e provocan novas barreiras, obstáculos, e perigos onde anteriormente non existían.

PREGAMOS:

Atendan este rogo se pretenden seguir vendendo como un dos obxectivos fundamentais: "Mellorar a mobilidade peonil e garantir a accesibilidade universal no ámbito", e actúen con carácter inmediato ao que deberá ser unha moi pequena obra consistente en:

- 1.- Rebaixar a rampla e desnivel de acceso ao xulgado,
- 2.- Valorar o pintado dun paso de peóns que comunique os novos aparcadoiros co xulgado
- 3.- Dotación dunha praza reservada a mobilidade reducida.»

Este rogo será contestado por escrito polo Sr. González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:15:51 horas

Lee o rogo o Sra. Santos López.

"A importancia da sinalética redunda tamén na posta en valor dos servizos que presta un concello non só para os veciños senón tamén para calquera persoa que nos visite. Nesta ocasión detectamos deficitaria a dita sinalética en Pravio, concretamente coa sinalización das instalacións deportivas e o resto de infraestruturas socioculturais da parroquia.

PREGAMOS: Instalen sinais indicativos da localización e nome das instalacións deportivas e o resto de infraestruturas socioculturais da parroquia. Acaído, neste sentido, sería ter detectadas as deficiencias en sinalética en todos os puntos do concello para poder actuar no mesmo sentido deste rogo de xeito extensivo.»

O Sr. Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:16:56 horas

Lee o rogo o Sra. Santos López.

«Son varias as cuestións que é necesario tratar en sede plenaria respecto da infraestrutura deportiva máis importante do concello, como é o Complexo Deportivo da Barcala.

Recordemos que, como consecuencia da situación derivada da pandemia, outorgáraselle á empresa concesionaria unha ampliación do contrato ata o 24 de xuño de 2022 polo tempo que tivo que prescindir de prestar os servizos e pecharse a instalación, situación que quedaba supeditada a que o complexo puidera estar novamente en funcionamento cun 100% de aforo, situación que actualmente é a que se está a cumprir.

Houbo tempo máis que suficiente para que dende a Concellería de Deportes se tiveran redactado os pregos e licitada a contratación, porque non falamos dun feito imprevisto senón que a data da finalización do contrato é coñecida dende que aprobamos en pleno a ampliación.

Esta falta de previsión merece unha xustificación, no seu caso, por parte do concelleiro, ao que convidamos a que, dentro do exercicio das súas competencias, proporcione esas obrigadas explicacións nesta sesión plenaria que é pública, tendo os veciños e veciñas dereito a que se lles dea conta sobre os motivos que levan a que aqueles responsables políticos que asumen o exercicio de competencias públicas e que por elas perciben salarios públicos non fagan o seu traballo, redundando directamente nun prexuízo aos propios usuarios, neste caso, do complexo da Barcala, como antes o foron os usuarios da piscina Castros do Bosque, ou as entidades deportivas ou deportistas do concello que ven atrasadas as percepcións de bolsas ou subvencións, e polo mesmo, reciban as explicacións desa falta de implicación, competencia, responsabilidade e ausencia de toma de decisións dentro da súa área de competencias, que na empresa privada levarían consigo a un despido inmediato.

Requirimos, por tanto, a que sexan dadas as ditas explicacións por parte do concelleiro responsable, algo que non debería ser necesario solicitar por parte da oposición, en tanto que, de calquera persoa que sexa consciente do lugar de representación público que ocupa, debería per se, partir a iniciativa de explicar os motivos no caso de que existan, ou tomar as determinacións que foran precisas, no caso de mera inacción, de todas aqueles programas ou servizos mal prestados ou non prestados, que xa son demasiados para unha soa concellería.

Unha das consecuencias directas da ausencia de contratación é que ao longo de todo o verán os usuarios do complexo deportivo da Barcala tiveran que ver recortado o horario de apertura, que quedou reducido de xeito moi importante entre as 13:30 e as 18:00 da tarde, algo que podería ter sido evitado poñendo negro sobre branco palabras do propio alcalde que, en relación a esta nova concesión declarara, nunha nova promesa incumplida pero válida para unha fotografía e nota en prensa que "revisaría os horarios para dar máis acceso" ou as declaracións do propio concelleiro en entrevista preelectoral nas que afirmaba "*queremos ampliar el complejo municipal da Barcala porque quedou pequeno e vais construír un edificio anexo para ofrecer un maior servizo á xente*". Lonxe daquelas oníricas declaracións de campaña electoral e que prevemos comecen a producirse en breve, temos horarios mais restritivos, máquinas rotas e que non son repostas dende o ano 2005 e das que achegamos documentación gráfica.

VESTIARIOS

Manchas de humidade no teito por filtración na cuberta, a pesares de tela reparado, que saibamos en dúas ocasións.

Relatan usuarios que existe sensación de abafío por calor consecuencia de defecto de ventilación.

DUCHAS

Faltan dúas xaboneiras e un banco.

Os mandos das billas están en malas condicións polo que non cumpren a súa función e non regulan a temperatura da auga. Ás veces sae excesivamente fría e outras veces queima.

SAUNA

Non está en funcionamento.

PISCINA

Durante o curso escolar existe saturación nos cursos de natación chegando a destinar ata 4 rúas quedando só dúas para abonados.

XIMNASIO

Dispón de 4 cintas para andar ou correr, 4 elípticas, 4 bicicletas estáticas, dúas bicicletas de spinning e diferentes máquinas e aparatos de fitness e musculación.

As cintas están deterioradas polo uso e a falta de mantemento. Fan un ruído moi molesto por ter rodaduras irregulares e parches no esvaramento.

Só unha delas está en condicións aceptables. Dúas das elípticas teñen rotas as bases dos pedais polo que se poderían producir accidentes ao usalas. O seu baixo mantemento só permite que unha delas estea en condicións aceptables.

Ás bicicletas estáticas fállalles a regulación de altura.

O resto de máquinas e aparatos de fitness e musculación presentan menos deficiencias a pesar do seu baixo mantemento.

Hai máquinas ás que se lles debería eliminar o óxido en partes do seu armazón e pintalas.

No teito hai buratos por non estar tapados coas pranchas correspondentes.

Outra consecuencia da falta de cumprimento de promesas electorais, de implicación cos verdadeiros problemas no complexo deportivo da Barcala e da carencia de calquera tipo de xestión orientada á contratación e solución de todas as problemáticas desta instalación que non son novas, senón que xa estaban cando o concelleiro asumiu un cargo sen dedicación, é un peche que vén de producirse todos os anos, e que, dende o noso grupo, preguntámonos a que obedece.

Salvo erro noso tamén no Nadal se produce un "peche técnico" que vimos de observar hai uns días.

De acordo ao anteriormente exposto,

PREGAMOS: Liciten con carácter inmediato a concesión da explotación do Complexo deportivo da Barcala, con especial observancia na fixación de horarios, fixación do calendario de apertura e ao mesmo tempo, actuación en todas as deficiencias narradas no presente rogo e calquera outra que non contemplamos e que de seguro poida existir.»

O Sr. Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta o rogo.

Rogos de C's presentados oralmente

A Sra. García Hidalgo formula os seguintes rogos:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:29:11 horas

«Atópase neste salón de plenos unha traballadora auxiliar do servizo de axuda no fogar de Cambre. Con máis de 14 anos de experiencia na súa profesión, ela, mediante unha carta dirixida a diferentes concelleiros, quixo transmitir a súa experiencia sobre cales son as incidencias máis graves que padecen os usuarios respecto deste servizo que presta o concello.

O ROM establece no seu artigo 104.3 acerca do funcionamento do pleno que *“unha vez levantada a sesión, a Alcaldía-Presidencia pode establecer unha rolda de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal.”*

Con base neste artigo e dado que este servizo de SAF é, polo seu número de usuarios, polas situacións que padecen, e polo importe elevado tan necesario que supón para as contas municipais, un tema de interese municipal ROGAMOS:

Teña a ben a Alcaldía-Presidencia, con base no artigo 104.3 do Regulamento orgánico municipal, permitir a consulta deste asunto, concedendo a palabra á traballadora promotora da dita carta para a súa lectura, para ser informados do tipo de incidencias que di, padecen usuarios e traballadores, comprobalas e de ser verificadas executar desde o concello todas as xestións necesarias para a súa solución.»

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:32:12 horas

«Tendo na miña man o escrito ao que me referín anteriormente e tendo sido informada de que á concelleira de Servizos Sociais, Sra. Lúa Sanguñedo, se lle fixo chegar unha copia esta semana, presento este segundo rogo oral:

Esta traballadora auxiliar, con máis 14 anos nesta actividade diríxese a esta Corporación e ao público que segue este pleno, para expoñernos unha situación que considera de gravidade respecto do servizo de axuda a domicilio en Cambre cuxa xestión ten outorgada a empresa AL ALBA.

Segundo ela nos informa,

1. A organización do servizo de axuda a domicilio que leva a cabo a empresa adxudicataria vulnera os dereitos fundamentais do usuario porque segundo as súas experiencias.

- Cámbianse os horarios do servizo sen avisar aos usuarios. Isto provoca que unha persoa estea na cama máis de 12 horas ou que se atrase/adiante o seu horario de comidas e medicación. E no caso de persoas con demencia ou desorientación, moitas máis alteracións de conducta que van en prexuízo do seu benestar mental.
- Cámbiase aos auxiliares dun día para outro sen respectar as 24 horas e sen informar das peculiaridades/necesidades do servizo/usuario. Un auxiliar chega ao domicilio sen ser informado de nin por onde, nin como se entra, pautas de medicación, costumes en aseo, vestir, almorzo ou incluso curas ou bolsas de colostomía. Isto provoca estados de ansiedade nos auxiliares, familiares e usuarios, erros, présas e esquecementos.
- Os proxectos de intervención que deben levarse a cabo cos usuarios non son reais nin teñen, en moitos casos, que ver coas necesidades presentadas por eles. Outórganse minutos e así fáiselles constar aos traballadores e usuarios, para realizar unha serie de coidados imposibles de realizar nese tempo pola súa importancia e envergadura dos coidados. Non existe unha supervisión por parte da traballadora social da empresa adxudicataria para controlar estas necesidades e o traballo realizado por determinados auxiliares.
- En numerosas ocasións producíronse esquecementos de servizos con consecuencias para o usuario que quedou sen comer, ou sen o seu aseo ou medicación.
- O Concello de Cambre debe velar pola realización do servizo en condicións de calidade, seguridade e benestar social dos usuarios e non permitir, en ningún caso que sexa un servizo lucrativo a toda costa. Trabállase con persoas moi vulnerables tanto física como mentalmente que teñen dereito a ser protexidas e atendidas.

2. A contratación realizada pola empresa adxudicataria é inaceptable para o coidado e atención que precisa un servizo de axuda a domicilio. Contrátase a algunhas persoas pouco ou nada preparadas ou cualificadas que non realizan as tarefas como se indica no proxecto de intervención, e que ademais incumpren cos coidados básicos aos usuarios. Este aspecto denunciado polas familias á empresa adxudicataria é ignorado fidedignamente, cámbiase a esas persoas de servizo ata novas queixas con outros usuarios. Estas tarefas non realizadas por estes traballadores acumulan á do resto de compañeiros e minan a paciencia e tranquilidade de familiares e usuarios que deixan de confiar no servizo. O certificado de profesionalidade é obrigatorio para a contratación neste servizo e hai traballadores que non dispoñen da dita titulación.

3. Aspectos laborais legalmente regulados son vulnerados constantemente pola empresa adxudicataria:

- Obrigan aos traballadores a utilizar o seu propio móbil para cuestións laborais.
- Non respecta a desconexión dixital enviando mensaxes en días libres, festivos ou a horas de descanso dos traballadores.
- Non informa convenientemente das peculiaridades de cada servizo como debera, ao seu inicio. Derivan a outros compañeiros para que te “conten” as tarefas a realizar.
- Obriga a cumprir as fichaxes e nin un minuto máis suceda o que suceda, xa que non aboará as horas/minutos extras, incluso indicando que se deixe a un usuario sentado no WC e que o traballador se marche á súa hora, vulnerando a todos os efectos, a dignidade do usuario e a súa seguridade.

4. Os usuarios quéixanse constantemente aos auxiliares que nada poden facer ao respecto da coordinación do servizo. Derívaselles ao concello pero non se atreven a expoñer as súas queixas por medo a represalias ou retirada do servizo.

Estes e outros aspectos foron comentados polos representantes sindicais da empresa ao alcalde, a Servizos Sociais do Concello de Cambre, a diferentes concelleiros e por suposto á empresa que en cada momento é adxudicataria e ao seu departamento de coordinación, sen recibir ningunha solución. Ao longo destes 14 anos sucedéronse diversas empresas adxudicatarias, que mantiveron a parte do cadro de persoal laboral, en ningún caso mellorando as súas condicións laborais nin por suposto o servizo aos usuarios. Non mellora senón que cos anos o servizo é cada vez máis deficiente.

O presente documento será entregado a diferentes concelleiros dos distintos partidos políticos do concello coa finalidade de que conste a presentación desta situación e se dean por informados do que está sucedendo no aspecto social do Concello de Cambre.

Pois ben, agradecendo a nos atención, esta traballadora saúdanos atentamente.

Por todo o exposto por esta traballadora, ROGAMOS:

A comprobación urxente antes do vindeiro día 22 de setembro por parte deste concello, de todas as incidencias aquí expostas de forma oral e que tamén serán enviadas por escrito, dada a súa afección directa á calidade do servizo que reciben os usuarios en Cambre.»

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:37:26 horas

«Nas comisións informativas de xuño preguntamos por que se a Asociación Cultural e de Ocio Anceis (ACOA) solicitou en todos os escritos presentados en 2017 e 2022 sobre o pavillón de Anceis a súa “legalización, licenza e posta en uso das instalacións para o disfrute da asociación, dos socios para actividades internas e para o préstamo da dita instalación ao Concello de Cambre logo da comunicación á dita asociación e de calquera veciño”, non consta resposta á última parte (a dos usos) e si á legalización e licenza.»

Segundo a resposta do concelleiro Dani Mallo enviouse unha resposta “no seu día” á asociación (resposta na cal non se fai referencia en que día nin en que data), onde se informaba á asociación entre outras cuestións, sobre que o criterio e o permiso de uso e que este sería o mesmo que nas demais instalacións deportivas municipais.

Tamén se inclúe que unha vez que foron recibidas as peticións de horarios definitivos e a solicitude de chaves, concedéronse os horarios solicitados por ACOA, na súa petición actualizada, con prioridade de elección para a solicitude de horario, como se concertou nunha reunión previa coa asociación.

Por todo iso ROGAMOS:

Se nos facilite unha copia do documento onde se lle conceden á asociación os horarios por eles solicitados con prioridade de uso e acordados na reunión mantida entre a asociación e o concello.»

3.3. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 00:39:04 horas

Pregunta do BNG presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 202299900004594 o día 22 de agosto de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Acceso á videoacta – 00:39:07 horas

Lee a pregunta o Sr. Cubeiro Fernández.

“Cal foi o investimento realizado nos actos celebrados o pasado domingo na I Mostra do movemento asociativo?”

A Sra. Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, contesta a pregunta.

Pregunta de AV presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 202299900004593 o día 22 de agosto de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Acceso á videoacta – 00:39:35 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“O mes pasado xa nos preocupamos por indagar pola avaliación de resultados do servizo de axuda no fogar, tras a incorporación da nova empresa. A contestación que se nos deu era que era demasiado cedo para poder valorar o funcionamento do servizo tras un mes de funcionamento coa nova empresa. Agora que xa leva dous meses e medio reiteramos o noso interese por coñecer cal está a ser a valoración de funcionamento do servizo de axuda no fogar.”

A Sra. Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 202299900004595 o día 22 de agosto de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:41:04 horas

Lee a pregunta a Sra. Santos López.

“Obras pazo Sabreiro-Pravio. Sendo unha finca protexida, de acordo co establecido no artigo 56 das NNSS do Concello de Cambre, preguntamos os pormenores relativos á dita obra tales como o motivo de que non teña cartel indicativo tal e como establece a normativa municipal ou o tipo de obra que se está levando a cabo.”

Esta pregunta será contestada por escrito polo Sr. González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:42:47 horas

Lee a pregunta a Sra. Santos López.

“Preguntamos sobre o destino dos 14.984 euros de subvencións por parte da Deputación da Coruña para orquestras, facendo mención do seu destino, prazo de pago, e beneficiarios, desagregando no seu caso o importe.”

O Sr. Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:43:41 horas

Lee a pregunta a Sra. Santos López.

Cales son as actuacións técnicas concretas (especificándolas e concretándose) que se realizaron e previron no Complexo deportivo da Barcala durante o peche entre o 15 e o 21 de agosto?

O Sr. Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

Preguntas de C's presentadas oralmente

A Sra. García Hidalgo formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:45:50 horas

«Con data 5 de novembro de 2020 emítese informe da secretaria do concello en resposta ao escrito presentado polo presidente da asociación ACOA Anceis o 13 de outubro de 2020 (con número de entrada 20200400000733) onde solicitaba de novo como terceiro punto “se poñan en uso as instalacións para o desfrute da asociación, de todos os socios para actividades internas e para o préstamo da dita instalación ao Concello de Cambre, logo da comunicación á dita asociación e de calquera veciño.”

O informe-proposta da secretaria accidental na súa resposta di ao respecto dos usos:

“O seu uso axustarase ao establecido na Ordenanza municipal reguladora do uso de instalacións deportivas do Concello de Cambre (BOP nº 83, do 3 de maio de 2012).”

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos seis concelleiros asistentes aprobou a proposta tal e como foi transcrita o 9 de novembro de 2020.



1. Por que o 18 de febreiro de 2021 o alcalde envía un mail á asociación, que leva adxunta unha carta para que o presidente da asociación a asine, onde se firmase cedería ao concello a propiedade das obras executadas, ou sexa, o pavillón e os seus usos?

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:47:16 horas

«Por que o alcalde nesa carta redactada como se quen a escribira fose o presidente da asociación lle require que asine o seguinte?:

“Cedo ao Concello de Cambre a propiedade das obras executadas e descritas no proxecto de legalización do pavillón polideportivo sito no lugar da Rocha, Anceis, asinado polo enxeñeiro industrial don Ramiro Calvo Saavedra con data 27 de marzo de 2022 e rexistrado de entrada no Concello de Cambre con data 6 de maio de 2020 (ao nº 202099900000818), e se incorporen estas ao inventario de bens municipal, incrementando o valor do ben recepcionado pola Xunta de Goberno Local con data 11 de setembro de 2017 como “pista polideportiva” para uso e disfrute da veciñanza?»

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:48:05 horas

«Por que o concelleiro nos achegou na súa resposta aos usos do pavillón o certificado de extinción do dereito real de superficie constituído nesa parcela e a recepción e aceptación da “pista polideportiva cuberta” construída sobre a mesma parcela, se a pregunta que formulamos é sobre os usos do pavillón e non da suposta pista polideportiva “cuberta” á que se refiren eses dereitos reais?

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte horas e corenta e nove minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
O presidente
(*asinado dixitalmente*)

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental
(*asinado dixitalmente*)

Verónica María Otero López